



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 5/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e seis de maio de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVARDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 28 de abril de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de abril de 2022, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A atención primaria ofrecida polo sistema público de saúde de Galicia no concello de Ordes, implica o centro de saúde e o punto de atención continuada, que da servizo tanto a este municipio como a todos os concellos da súa contorna (Trazo, Mesía, Tordoia e Frades). Este servizo, non en tanto, necesita certas melloras para poder garantir a calidade asistencial que merece.

En primeiro lugar e de maneira relevante, resulta imprescindible, que se garanten as coberturas de baixas, vacacións e outras circunstancias que impiden a presenza completa de todo o plantel profesional no centro de saúde. Isto dificulta a capacidade



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

asistencial, e alimenta a existencia de saturacións que recaen nos profesionais, e de provocar demoras na atención que poderían ser solucionadas.

Ademais do referente ao persoal, o centro de atención primaria sofre algúns problemas derivados do paso do tempo e a limitada cobertura de recursos para o mantemento da estrutura e dos elementos de construción. Así, aprécianse deficiencias que poden chegar a causar problemas e danos como a fachada con desprendementos, e outras eivas no interior do edificio ó que hai que engadir ademais, o escaso espazo de aparcamento, xa que as zonas habilitadas para tal fin atópanse co firme en moi mal estado o que dificulta o traslado de doentes con dificultade de mobilidade. A isto hai que engadir que o centro de saúde de Ordes foi incluído no ano 2008 no Plan de Mellora de Atención Primaria, entre outros, no conxunto de centros de atención primaria que verían instalada unha tecnoloxía de radioloxía, para poder dotar a este centro e por extensión á súa comarca dunha maior capacidade resolutiva. Esta decisión tamén liberaría de carga asistencia ao propio CHUS, ao evitar a saturación en consultas de diagnóstico, que poderían resolverse con esta tecnoloxía desde o propio centro de Ordes.

Tamén, en termos de servizos de atención de urxencias, é necesario mellorar a infraestrutura existente. O traslado que en diversas ocasións se realiza mediante helicóptero desde Ordes ó centro hospitalario de Santiago, pode ser optimizado habilitando mellores espazos para aterrizar contiguos ó propio centro e non afastada que precisa o traslado en ambulancia ata o helicóptero e de aí a Santiago.

Por todas estas cuestións é necesario afrontar decisións que permitan mellorar as posibilidades asistenciais e amentar a garantía de calidade no centro de atención primaria de Ordes.

Por todo o exposto, a PSdeG-PSOE de Ordes presenta ó Pleno a seguinte moción para instar á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a cobertura dos profesionais no centro de saúde de Ordes, especialmente no caso dos facultativos, para manter a maior calidade asistencial posible, e evitar as saturacións, demoras e eivas que se poden producir se hai ineficacia na xestión do persoal por parte da área sanitaria.

2. Realizar un informe sobre o mantemento estrutural do centro de atención primaria e afrontar os arranxos necesarios para que a edificación manteña as mellores condicións posibles (dentro e fora do edificio, incluíndo aquí a posibilidade de mellora nos aparcamentos da contorna).

3. Incluír a Ordes como centro destinatario de equipamento tecnolóxico de raios ó afrontar a necesidade de dotar ós centros de atención primaria deste equipamento como mellora do sistema.

4. Acordar coa Xunta de Galicia os cambios necesarios para poder modificar o sistema actual de uso do helicóptero para o traslado dos doentes ó Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e situalos en terreos contiguos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ao centro de saúde”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo coa moción presentada. Todo o que sexa mellorar infraestruturas e instalacións do noso centro de saúde o ven ben. Están de acordo en que se traia ese equipamento tecnolóxico de raios si se pode, é unha demanda dos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta é unha cuestión que veñen tratando nos plenos ao longo dos anos. No pleno de setembro de 2020 presentou unha moción semellante, en marzo de 2021 outro rogo. Máis que facer un informe o que hai que facer é afrontar o arranxo. Se calquera persoa que pasea por alí pode ollar como houbo desprendementos de ladrillos, que aínda se poden ver pousados na beirarrúa e incluso no verteaugas dunha fiestra. Como na fachada, case na cumbreira, obsérvase unha zona na que están os ladrillos a punto de caer co perigo que iso pode ocasionar, e outros dinteles doutros ocos que se ve que xa caeron no seu día. É evidente que este centro necesita unha actuación de arranxo urxente. Con respecto á implantación do servizo de radioloxía tamén o grupo parlamentario do BNG ten presentado a instancias deste grupo municipal varias propostas de emenda nos orzamentos da Xunta de Galicia para solicitar o servizo de radioloxía e incluso a dotación de maior persoal para o Centro de Saúde de Ordes e o PAC. É unha petición que temos realizado varios grupos neste pleno e que seguimos a realizar, que entendemos que é necesaria.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que calquera mellora do de Saúde e o PAC de Ordes é algo que lles preocupa a todos os grupos políticos e a todos os cidadáns. Están de acordo e cubrir todos os profesionais, non absolutamente dúbida. Faise sempre a través dos mecanismos legais dos que dispón o Sergas, que é a substitución e a prolongación de xornada. Temos algunha baixa nos médicos titulares de Ordes. A cobertura do 100 % das ausencias estase a facer. Hai que garantir sempre a cobertura de calquera baixa que poida acontecer. A realización dun informe sobre o do Centro de Atención Primaria. O estudo xa está feito. Non centro lévanse a cabo as actuacións propostas no plan de mantemento preventivo e técnico legal da área sanitaria de Santiago, ademais das reparacións que polo uso se detecten ou se demanden polo persoal do centro. Algunhas xa tiñan que estar iniciada, como consecuencia da alza dos prezos, algunhas tiveron que recalcularse. Das proxectadas están a reparación dos ventanais a causa da corrosión da estrutura metálica a realizar no mes de xuño. Os técnicos tamén revisarán a fachada do edificio para identificar outras incidencias. Outra actuación que está planificada é a substitución do alumeado existente pola iluminación tipo led e a modificación pola instalación eléctrica para cubrir mediante grupo electrógeno



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

diferentes zonas do centro que actualmente carecen de subministración alternativa de emerxencia. En canto ao punto cuarto informar que o 20 de xaneiro deste ano foi aprobada no Parlamento de Galicia unha moción non de lei na que se solicitaba ampliar os PACs que contén cunha superficie axeitada para facilitar o traslado de pacientes a centros hospitalarios a través de dous helicópteros do 061, solicitando a colaboración dos concellos que facilitarán a dispoñibilidade de terreos de ser preciso. A alcaldía mantivo diversas conversas cos conselleiros á demanda de construción dun heliporto sempre se levou por que son conscientes de que é moi necesario. O equipamento tecnolóxico de raios é unha demanda que no seu momento todo o mundo pediu pero non pode ser. Falan do Plan de mellora da atención primaria de 2008. O Presidente Touriño iniciou ese plan, pero tamén dixo que nas localidades grandes cabeceira de comarca e con unhas isocronas a establecer se disporía de CIU resolutivo con RX, ecografías analíticas. As isocronas que se estableceron que son os tempos de reacción relacionadas coas ratios non se cumpren. Estableceron media hora ao centro hospitalario máis cercano, unha demanda X que non se produce. Dos 398 centros de saúde e PAC de Galicia, como dotación excepcional de raios hai 38. Dotouse dun ecógrafo, dotouse aos médicos con formación para a súa utilización na actividade asistencial diaria. No 2021 dotouse ao centro de saúde de Ordes con dous electrocardiógrafos, un desfibrilador, un espirómetro e un retinógrafo. A vontade deste grupo é votar a favor, pero non poden ir contra do establecido. Gustaríalle que deixaran sobre a mesa o punto tres para poder ter unha votación unánime desta moción.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que catorce anos despois desas isocronas haberá que pedir a súa modificación e pedir que un centro como Ordes, que ademais ten servizo de urxencia para toda a comarca, puidera tamén contar con iso. Como non poden ir en contra, tamén queren a unanimidade retiran o punto tres, coa salvidade de que se poida modificar nun futuro e telo en conta.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que seguen a dicir o mesmo. Todas as demandas que se poidan traer para Ordes contará co seu voto a favor. Como di a compañeira do PSOE non hai nada que non se poida modificar. Se se pode modificar perfecto. Xa pasaron bastantes anos. Sería bo para Ordes ter ese equipamento tecnolóxico de raios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é o que levan demandando nos últimos anos. Vendo o tema dos desprendementos que hai na fachada que pode caer enriba de calquera persoa que transite por alí é necesario acometer con urxencia eses arranxos para evitar que se volvan a producir novos desprendementos. Todas as melloras que se poidan conseguir as van a apoiar.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que agradece que deixen sobre a mesa ese punto. Dende o goberno defenderán sempre os intereses para dotar ao centro de saúde de Ordes de todos os avances que se poidan.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Garantir a cobertura dos profesionais no centro de saúde de Ordes, especialmente no caso dos facultativos, para manter a maior calidade asistencial posible, e evitar as saturacións, demoras e eivas que se poden producir se hai ineficacia na xestión do persoal por parte da área sanitaria.

2. Realizar un informe sobre o mantemento estrutural do centro de atención primaria e afrontar os arranxos necesarios para que a edificación manteña as mellores condicións posibles (dentro e fora do edificio, incluíndo aquí a posibilidade de mellora nos aparcamentos da contorna).

3. Acordar coa Xunta de Galicia os cambios necesarios para poder modificar o sistema actual de uso do helicóptero para o traslado dos doentes ó Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e situalos en terreos contiguos ao centro de saúde.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

- O paseo fluvial “Ramiro Liste Recouso” é unha das obras que tivo maior aceptación ente a poboación da vila de Ordes e que é frecuentado a día de hoxe por numerosos habitantes, de todas as idades, do noso termo municipal.

Varios veciños e veciñas puxéronse en contacto connosco para denunciar o abandono e aspecto descoidado que presenta este espazo na actualidade.

Como se pode ver nas imaxes que axuntamos neste rogo, aprécianse pintadas no mobiliario urbano (bancos, papeleiras, farois, ...etc.), fochancas ao longo do paseo, árbores a medio caer, que presentan un risco para os camiñantes, o leito do río sen rozar e con lixo. lixo tamén na contorna do río, farois medio arrincados, etc.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Os concelleiros non adscritos cremos que este espazo debe conservarse en óptimas condicións posto que gozan del diariamente gran cantidade de veciños e veciñas e tamén moitas persoas que se achegan ao noso Concello de visita.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se realicen as xestións oportunas para a limpeza do río e a súa contorna e que se arranxen todos os estragos existentes no paseo fluvial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma o rogo en consideración. Non coincide no que se quere vender como abandono o cal non comparten.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Desgraciadamente seguen a aparecer vertedoiros incontrolados onde xente con poucos escrúpulos depositan o lixo.

Observamos este tipo de vertedoiros na parroquia de Santa Cruz de Montaos, nas inmediacións dos puntos con coordenadas de "google maps":

43°00'57.4"N 8°23'44.9"W

43°00'55.6"N 8°23'35.3"W

É polo que solicitamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se proceda á limpeza dos vertedoiros

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que xa lle foi trasladado á brigada municipal de obras para a súa retirada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Veciñanza do núcleo do Ceidón, trasladou a este grupo municipal a súa preocupación polos xiros que efectúan algúns vehículos cara o núcleo ao pasar a rotonda e atravesar a liña continua e mais a illeta existentes.

Estas manobras en ocasións son efectuadas a unha velocidade considerable, o que supón un perigo para calquera persoa que transite pola zona. Malia que resulta evidente que se trata dunha mala praxe e unha clara infracción das normas de circulación, entendemos que existe unha medida disuasoria efectiva e con pouco custo, a instalación dunhas balizas ou fitos na citada liña continua, que impidan a manobra descrita.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Solicitar á Consellería de infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galiza, a instalacións das balizas ou fitos necesarios na liña continua da estrada AC-524 na saída da rotonda de Lavandeira cara a rotonda do Paraíso, de xeito que impidan os xiros á esquerda cara o núcleo do Ceidón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lles consta que xa foi xente sancionada. Gustaríalle que a veciñanza poida dar traslado ao concello, sempre utilizamos un recurso nos rogos de que a veciñanza traslada. Non teñen coñecemento de que ningún veciño se tiver a posto en contacto con persoal do concello ou concelleiro do grupo de goberno. Como xa fixeron en anteriores ocasións poden dar traslado a quen consideren, non so traer o rogo ao concello. Nas próximas datas falarán co vixiante para que fagan o que consideren oportuno en aras da seguridade neste punto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a veciñanza o que lles traslada e que si que o puxeron en coñecemento do grupo municipal de goberno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pide esa reunión a tres canto antes para que iso se corrobore.

- Nas instalacións do colexio Castelao déronse varios episodios onde a auga que sal das billas presenta unha coloración escura e diversos restos.

Trátase de edificacións con mais de 40 anos de antigüidade que adoecen dunha reforma das instalacións de fontanería, posto que as tubaxes co desgaste e coa oxidación, decantan e soltan á auga diversos restos pouco desexables.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a acometer unha reforma nas instalacións de fontanería do colexio Castelo, co gallo de substituír as tubaxes de abastecemento de auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a mesma veciñanza do anterior rogo que ao mellor coincide coa deste xa é coñecedora e llo pode trasladar a vostede que a Consellería é coñecedora, como a Anpa como a directora do centro, como a concelleira delegada de educación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a veciñanza non é coincidente co rogo anterior. Saberán desta problemática pero é evidente que necesita dunha reparación. O que demandan é que se inste a reparación urxente. Teñen entendido que nas últimas datas na zona do comedor parece ser que non se pode consumir ese auga.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala a que iso non é certo. As cousas hai que contrastalas primeiro.

- A calquera veciño ou veciña que pretenda abrir un negocio de hostalería, esíxeselle o cumprimento da lexislación aplicable, como por exemplo a dotación de aseos.

Porén, nas licitacións para a xestión das barras de bar nas festas do noso concello, non se está a instalar unha dotación mínima de aseos que faciliten espazos axeitados para efectuar as súas necesidades ás persoas consumidoras.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Nas licitacións para a xestión de barra de bar que efectúe o concello de Ordes, incluírase unha dotación de aseos portátiles que permita ás persoas usuarias da barra efectuar as súas necesidades.

Nos pregos incluírase a obriga á concesionaria de efectuar limpeza periódicas dos aseos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que un novo rogo imperativo. O órgano de contratación tomará a decisión do que procede ou non incluír dentro dos pregos. Vostede non é quen de garantir que son os potenciais usuarios e consumidores da barra para este tipo de instalacións. É algo que hai que analizar e tratar como moita cautela.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é algo que entenden que é evidente. Se se pon unha barra debería haber unha dotación de aseos. Unha queixa que traslada o sector da hostalería é que as persoas consumen na barra e despois utilizan os servizos dos seus locais. É unha instalación que entenden como básica nun evento deste tipo. Se o queren ter a ben, senón non o fagan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mesmo que acaba de dicir llo plantexa á inversa quen sabe quen é o consumidor ou usuario dunha petición que vostede aquí formula.

- Nas últimas datas foron instaladas 28 fontes no trazado do Camiño Inglés a través do proxecto "lifewaterway", cun custo total de 973.000 €.

No núcleo da Carballeira, existe unha fonte natural arranxada hai uns anos que pode pasar inadvertida para as persoas que fan a peregrinaxe polo Camiño Inglés.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Sinalizar a fonte da Carballeira, situada ao pé do Camiño Inglés.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- A ordenanza municipal sobre conservación de edificacións e solares, establece diversas limitacións con respecto á publicidade no exterior.

Noutros concellos, foron habilitados diversos taboleiros onde poder pendurar anuncios e informar sobre actos, facilitando así o cumprimento da normativa municipal vixente.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Estudar habilitar paulatinamente diversos taboleiros publicitarios polas rúas ou prazas da vila, así como polas parroquias do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que existen taboleiros en todas as parroquias. En rúas e prazas valorarase a súa progresiva implantación.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- As fotografías que se achegan, tomadas o 14 de maio de 2022, amosan o preocupante estado dun evento que chegou a ser a feira agrogandeira de referencia e que para o Mesón do Vento significou un importante reclamo e pulo para a economía local, como é a feira da Adina.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Que medidas levou a cabo o goberno local no presente mandato para a promoción e o pulo da feira da Adina?.

¿Como ten pensado o goberno local actuar para dinamizar este evento de gran importancia para o Mesón do Vento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta pregunta é recorrente. Accións moitas. Agradece a labor dos compañeiros encargados do tratamento das festas e mercados. Seguirase intentando a negociación da presenza de postos de venda de tratantes. Remítese a acta do pleno de xullo de 2020 onde lle deu unha explicación moi pormenorizada.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- No pleno ordinario de xaneiro do presente ano, este grupo municipal amosou a súa preocupación perante o incumprimento das actuacións para a extensión de fibra óptica no noso concello, dado que o período sinalado para o despregamento finalizou no ano 2021, mais temos constancia que cando menos, nas parroquias de Barbeiros e Parada, non se levaron a cabo os traballos previstos.

Como resposta trasladóusenos que os prazos foran ampliados ata 18 meses.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Contactou nos últimos meses coa operadora Telefónica e coa “Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales”, interesándose sobre o estado das citadas actuacións?.

¿Recibiu algún prazo concreto de cando van a ser efectuados os traballos para a extensión da banda larga nos núcleos cuxo prazo foi incumprido?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na exposición é un exemplo de contradición. Finaliza no ano 2021, ampliados dezoito meses. Polo tanto non finalizou o prazo. En múltiples ocasións falou con Telefónica. O informático do concello atende moitas problemáticas dos veciños coa extensión de fibra. Tamén o contacto continuo coa AMTEGA. En canto á parte estatal son os seus socios os que non fan os traballos para que moita desta extensión teña completada na totalidade dos concellos do territorio nacional. Agradecería que os espabilen neste aspecto que é moi importante a consecución da rede de fibra en todos os núcleos rurais. Os novos prazos, a maioría dos que marcan os gobernos socialistas, ningunha boa palabra, tampouco un bo feito. Non saben cal vai a ser ese plan. O único que saben é que foron ampliados dezoito meses. Entenden que foi pola pandemia. Están cun novo horizonte que finalizaría entre xullo e setembro de 2023. Cos seus panfletos demostran impotencia, descoñecemento e desesperación. Sigam por ese camiño, ese é o seu ADN, non van cambiar nin falta que fai.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias